

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA**

de concorrencia competitiva, de subvencións para a mellora de establecementos de cafetarías, cafés, bares e restaurantes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2007 (DOG nº 51, do 13-3-2007), establece no seu artigo 13.1º a data límite para a presentación de xustificación do investimento executado por parte dos beneficiarios das subvencións concedidas.

Non obstante, visto que o prazo concedido para a devandita xustificación é insuficiente para a realización desta, é necesario modificar o artigo anterior no sentido de ampliar o prazo citado.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

**DISPOÑO:****Artigo 1º**

O artigo 13º, no seu apartado 1, queda redactado como segue:

«1. Os beneficiarios de subvencións concedidas en virtude desta orde terán como data límite, para a presentación da xustificación do investimento executado, o 15 de novembro de 2007».

**Disposición derradeira**

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2007.

Fernando X. Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

*Orde do 24 de xullo de 2007 pola que se modifica a do 2 de marzo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a mellora de establecementos de cafetarías, cafés, bares e restaurantes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2007.*

A Orde do 2 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime